

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 113****TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS E UTILIZACIÓN DA GALERÍA DE TIRO INSTALADA NO EDIFICIO SEDE DA POLICÍA LOCAL****Artigo 1º. PRECEPTOS XERAIS**

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por prestación de servizos e utilización da galería de tiro instalada no edificio sede da policía local na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos e a utilización da galería de tiro instalada no edificio sede da policía local, especificados na tarifa desta taxa.

**Artigo 3º. SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes, os membros dos Corpos e Forzas de Seguridade, distintos dos pertencentes á plantilla deste Concello, que utilicen a galería de tiro.

**Artigo 4º. RESPONSABLES**

A responsabilidade, solidaria ou subsidiaria, esixirase, no seu caso, ás persoas ou entidades e nos termos previstos nos artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

**Artigo 5º. EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Non se recoñecerán outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei.

**Artigo 6º. BASES IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE, COTAS E TARIFAS**

1. A base imponible desta taxa será igual á base liquidable e veñen determinadas polo número de horas de utilización das instalacións.

2. A cota tributaria determinarase por cada persoa que utilice as instalacións multiplicando o número de horas de utilización ou realización da actividade polo prezo da hora completa que se establece en **4,29 euros**.

## **Artigo 7º. REMUNERACIÓN**

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou a realización da actividade.

## **Artigo 8º. RÉXIME DE DECLARACIÓN, INGRESOS E RECADACIÓN**

1. A recadación da taxa efectuarase en réxime de autoliquidación, mediante ingreso da cota resultante, efectuado no momento de presentar a solicitude, nas entidades financeiras colaboradoras designadas polo Concello.

A solicitude irá dirixida á Alcaldía-Presidencia, quedando supeditada a súa autorización á organización de quendas e efectivos da policía local de Lugo.

2. As débedas por taxas, esixíranse, se é o caso, polo procedemento administrativo de constrinximento, polo que será de aplicación o establecido na lei 58/2003, xeral tributaria, e demais normas de desenvolvemento.

3. Os convenios de colaboración que se establezan ó amparo do disposto no artigo 27.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, aplicaranse nos seus propios termos.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2013, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa<sup>15</sup>.

---

<sup>15</sup> O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, aprobada polo Concello Pleno mediante acordo de data 5 de novembro de 2012, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2013 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 299 do 31/12/2012).